

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Listaxe definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección dunha praza de profesor encargado aula informática como funcionario de carreira incluída na OEP do Concello de Oroso extraordinaria do 2022 (Estabilización)

### ANUNCIO.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000009

Listaxe definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección dunha praza de profesor encargado aula informática como funcionario de carreira incluída na OEP do Concello de Oroso extraordinaria do 2022 (Estabilización)

Con data de 18.11.2024 o Sr. Alcalde procedeu a ditar a resolución nº 1660/2024 co seguinte contido:

“LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 639/2022 do 12/05 procedeuse a aprobar a oferta de emprego público extraordinaria do 2022 de estabilización de emprego e que esta foi obxecto de publicación no BOP nº 96 de 23 de maio de 2022 na que entre outras se recollía a seguinte praza:

### PERSOAL FUNCIONARIO:

A2	Escala de Administración Especial	Subescala Técnica	1	Profesor – Encargado aula informática	Concurso	Estabilización	07.00.05
----	-----------------------------------	-------------------	---	---------------------------------------	----------	----------------	----------

LOGO DE VER que medinte resolución de Alcaldía nº 1784/2022 do 22/12 se procederon a aprobar a convocatoria e as bases de selección de 1 PRAZA de profesor – encargado da aula informática (Cód. RPT 07.00.05) correspondente ao Grupo A2, escala de Administración Especial, Subescala Técnica, incluída no proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal do Concello de Oroso conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público e recollida na Oferta de Emprego Público extraordinaria do 2022

LOGO DE VER que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello, e no Boletín Oficial da Provincia nº 245 do 28 de decembro de 2022 e igualmente foi obxecto de publicación anuncio da convocatoria no DOG nº 57 do 22/03/2023 e no BOE nº 242 do 10/10/2023

LOGO DE VER que transcorrido o prazo para a presentación de instancias, ditouse resolución desta Alcaldía nº 1491/2024 do 23/10 de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos no citado proceso de selección, nomeamento de tribunal e sinalamento do día e hora de realización da primeira sesión, concedendo un prazo de dez días naturais para a presentación de alegacións ou subsanacións de deficiencias polos aspirantes.

LOGO DE VER que a citada resolución foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 209 do 29/10/2024 e no taboleiro de anuncios do Concello de Oroso.

Transcorrido o prazo para a presentación de instancias por todas aquelas persoas interesadas en participar no presente proceso de selección e revisadas as mesmas, de conformidade co previsto na base cuarta e quinta e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola presente **RESOLVO:**

**Primeiro:** Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección dunha praza profesor da aula informática dentro do proceso de estabilización conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público:

### Admitidos:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
1	GÓMEZ MOSQUERA	MIGUEL ANGEL	***3869**	SI

### Excluídos:

Ningún.

**Segundo:** Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

O que se publica para xeral coñecemento.

En Oroso, 19 de novembro de 2024

O alcalde.

Alexander Doval Expósito.

2024/8257